


Eón Proterozoico

Comeza hai 2.500 millóns de anos e remata hai 542 millóns de anos. Durante esta etapa a vida procariota domina os océanos da Terra, uns océanos que cambian continuamente como consecuencia da dinámica terrestre. Ao longo do [Arcaico](#) e do Proterozoico fórmanse e destrúense grandes supercontinentes dos que quedan poucas probas no presente. Os resistatos máis antigos que podemos atopar en [Galicia](#) forman parte das [ofiolitas](#) de [Cabo Ortegal](#) e teñen 1.160 millóns de anos. Proceden de rochas magmáticas erosionadas que hai 750 millóns de anos darán lugar ás [anfíbolitas](#) de Purrido. Estes materiais formaron parte do supercontinente Rodinia.



La historia de la tierra 11 Rodinia

Ao final do Proterozoico o antepasado de Galicia estaba situado entre dous grandes continentes, Gondwana ou sur e Laurussia ao norte. Estabamos no [océano de Tornquist](#).


Tanto no Arcaico como no Proterozoico intercálanse [glaciacións](#) con períodos de clima menos extremo. Durante algún destes períodos glaciares toda a terra estaba cuberta de xeo deixando só algunhas zonas oceánicas libres del.

Durante este eón a concentración de osíxeno hidrosférico e atmosférico vai crescendo ata alcanzar unha porcentaxe similar á actual. Os organismos fotosintéticos son os responsables deste cambio de composición coa continua [liberación de osíxeno](#). Este gas é fundamental na formación do ozono, unha substancia que retén na estratosfera as perigosas radiacións ultravioleta procedentes do sol.



Na metade desta etapa xeolóxica, hai uns 1.600 millóns de anos, atopamos por fin as primeiras células eucariotas. Estas células formáronse a partir de células procariotas que se asociaron en beneficio mútuo. Así por exemplo, unha célula maior protexía a outra máis pequena que lle proporcionaba enerxía dando lugar ás mitocondrias.

O último gran fito evolutivo que sucede no proterozoico é a chegada dos organismos pluricelulares hai uns 1.000 millóns de anos.



As primeiras comunidades ben coñecidas de organismos pluricelulares é a fauna de Ediacara, un grupo de organismos peculiares que habitaban os océanos terrestres.

